

(GAL)Achís!

Andrés, José Carlos / Tova, Laura

OQO EDITORA

Materia: DE 3 A 5 AÑOS_LITERATURA INFANTIL

Colección: COLECCION O


Encuadernación: Cartoné

PVP: 14.90 €

EAN: 9788498714364

Páginas: 36

Tamaño: 250x230 mm.



Na casa vivían papá, mamá e un gato enorme. Os tres eran moi felices, ata o día en que chegou un bebé.

- Apoiándose en imaxes tenras, suxestivas e moi persoais, Laura Tova debuxa un gato divertido, traveso e experto en camuflaxe, contribuíndo desde a imaxe a crear unha historia cálida que nos ensina a importancia de afrontar as dificultades con humor, adaptándonos a aquilo que en principio nos desconcerta, e amosándonos a necesidade de adaptarnos para convivir en harmonía

Sinopsis

Mamá e papá estaban encantados; pero, cando o gato se achegou a ver o bebé:

Achís! O bebé tíñalle alerxia ao gato...

Achís! O gato tíñalle alerxia ao bebé....

É normal que mamá e papá enfronten dúbidas, medos e inquietudes cando nace o seu primeiro bebé. Calquera circunstancia imprevista pode resultar inquietante na nova realidade familiar. Despois do susto inicial e unha procura desesperada de solucións domésticas, a complicidade entre o gato e o bebé fai que, entre risas e esbirros, todo volva á “normalidade”.

Cun texto sinxelo, de estrutura simétrica, este álbum descóbrenos a sensación que podemos experimentar diante dun imprevisto. Permite falar de sentimentos, de resolver situacións para saír adiante, e afonda nas emocións dos nenos desde a empatía e o vínculo que, xa desde bebé, se pode establecer cunha mascota, ensinándonos a responsabilidade que isto conleva.